



COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 - A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org



Estimados compañeiros e compañeiras:

Antes de nada vos pido desculpas polo pequeno atraso nesta comunicación tan esperada por todos, tódolos anos e espero que iso non teña influencia no habitual éxito da convocatoria.

E unha vez cumprido coa cortesía, paso a informarvos dos seguintes asuntos de interese.

FESTIVIDADE DE SAN ISIDRO LABRADOR.

Como tódolos anos por estas datas, compre poñerse coa programación da celebración da festividade do noso patrón San Isidro Labrador e coma sempre, con tal motivo, e na súa honra, convocámosvos a un xantar de confraternidade que se celebrará o vindeiro día 15 de maio, martes, no PAZO DO FAREMELLO (Rois – A Coruña), ás 14:30 horas.

Malia o cambio de lugar para a celebración, esperando que sexa do voso agrado, mantense o **custe “0” para colexiados/as**, e de **60€ (IVE incluído)** para os acompañantes.

Para apuntarvos ao xantar, tedes ata o **martes día 8 de maio**, as 19:30 horas.

Igualmente, faremos as habituais entregas de distincións aos autores dos **mellores traballos visados en 2017** (tanto de compañeiros/as noveis, como cun maior historial), a homenaxe aos colexiados e colexiadas que teñen **cumprido 25 e 50 anos de colexiación, dende o ano pasado**, e o recordatorio aos que dende aquela nos teñen deixado.

Neste punto, compre salientar que, ante o descenso no número de traballos visados, existe a posibilidade de que algún/s dos premios queden desertos.

Tamén vos recordamos, que se algún de vos, xa ten cumpridos os 25 ou 50 anos de colexiación, e no seu día non se lle deu a distinción, a pode solicitar (tamén ata o luns 8 de maio).

Este ano, ademais, e de cara a futuras celebracións, tamén lle faremos algún recoñecemento a algún compañeiro cuxa traxectoria profesional sexa destacada nalgún eido.

O Menú é o seguinte (aínda que poda estar suxeito a algunha pequena variación):

Aperitivos: xamón ibérico D.O. con picos de Xerez, polbo á feira, cometas de pasta brick recheos de gambas, croquetas de centolo ao azafrán, variado de queixos galegos D.O., empanadas tradicionais galegas...

Primeiro: gambas vermellas á prancha con escamas de sal.

Sorbete de limón verde ao gin galego.

Segundo: entrecosto de tenreira galega con pataca asada e cogomelos con trigueiros.

Postre: milfollas de crema e nata con xeado de amorodo acedo.

Viño Branco, D.O. Rías Baixas e da Terra de Barbanza e Iria.

Viño Tinto D.O. Rioja ou D.O. Monterrei.

Viño escumoso D.O. Cava.

Café e infusións Illy e augardentes.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería N°.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002
Pontevedra.



COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
e-mail: colegio@coitagalicia.org
www.coitagalicia.org

Este ano, de momento, non esta convocada aínda (preside o Colexio de Lugo) a entrega de premios, na EPS de Lugo, con motivo de San Isidro, como nos últimos máis 20 anos, aos mellores Traballos Fin de Grao. Cando se vaia celebrar se lle dará a oportuna publicidade, e vos pediremos que se algún de vos coñece a alguén que rematara nas derradeiras convocatorias, o animedes a se presentar; e se podeades, e vos apetece, os animedes a asistir.

PREOC 2018 (base de prezos de construción) e PREMETI 2018 (Programa de Medicións e Presupostos).

Como en anos anteriores, ATAYO, SA nos ofrece PREOC 2018 y PREMETI 2018. Este ano, aparte da interactividade con sistemas BIM, a novidade máis importante a ofrece PREMETI que permite a inserción e impresión de imaxes nas medicións, certificacións e prezos contraditorios.

O custe de PREOC+PREMETI 2018 para colexiados é de 126€, máis IVE.

Os que xa tedes PREMETI 2017 podeades actualizarvos a PREMETI 2018 por 63€ (+ IVE), actualización que inclúe tamén a de PREOC.

A oferta remata o 31 de outubro.

Para máis información, nas sedes co Colexio, en horario de atención.

Sen máis, un cordial saúdo.

A Coruña, 19 de abril de 2018.



Asdo.- Rafael J. Muñoz Moreno.
Presidente COITAAC.

*Firmado por 32448841G RAFAEL JOSE MUIÑOS
(R: Q1571003A) el día 21/04/2018 con un
certificado emitido por AC Representación*

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportáis da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002
Pontevedra.